



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 4
------------------------	--	--------------	--	---------------	----------------


DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:			Nacionalidade:		
Data de nacemento:	___ / ___ / _____		Sexo:	Home <input type="checkbox"/>	Muller <input type="checkbox"/>
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



Celga



4





Proba A1

Vostede está a facer un curso para o que lle pediron un **traballo** sobre a evolución do sistema educativo en Galicia. Logo de ver o fragmento do programa *Historias de Galicia*, decide utilizalo para redactalo. No seu texto, en **400 palabras**, ten que:


- Identificar o período e o contexto retratados no programa e xustificar o seu interese en escollelos.
- Falar da rutina que tiñan os nenos do medio rural e das dificultades ás que se enfrontaban daquela para estudaren.
- Describir as escolas de ferrado e explicar a que deberon a súa importancia.
- Facer unha análise a partir da comparación entre o sistema educativo actual e o descrito no programa.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.




ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the central and lower portions of the page, intended for the student to write their answers for the A1 test.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their answers for the A1 test.

Proba A2

Vostede pertence a unha ONG que ten unha publicación bimensual. Para o próximo número, decide escribir un **artigo de opinión** sobre algún proxecto sostible relacionado coa mellora das condicións de vida en calquera parte do mundo. Despois de ler o seguinte texto e o fragmento da orde da concesión de subvencións, decide utilízalos para escribir o seu artigo. No texto, en **400 palabras**, ten que:

- Resumir o proxecto presentado no texto e describir o lugar onde se vai executar.
- Enumerar as vantaxes que o proxecto lles poderá achegar, a curto, medio ou longo prazo, ás persoas involucradas.
- Fundamentar a concesión da subvención do proxecto, para o que se deberá apoiar no contido do fragmento da orde da Xunta de Galicia.
- Suxerir outro(s) contexto(s) ou eido(s) que podería(n) beneficiarse dese tipo de colaboración e xustificalo.

A Universidade de Vigo construírá unha piscigranxa sostible de troitas no Perú

O proxecto do catedrático Enrique Orche mellorará a alimentación nunha das zonas máis pobres do país andino

M. Del Río | Vigo

Do que agora é un pequeno lago da alta montaña andina do Perú, nun ano poderán saír arredor de 20.000 troitas que axudarán a mellorar os hábitos alimentarios dunha das zonas máis pobres do país suramericano. Detrás desta iniciativa está o catedrático da ETS de Enxeñaría de Minas, Enrique Orche que, da man da Universidade de Vigo, de Anfaco-Cecopesca e da Xunta de Galicia, foi quen de artellar un proxecto que lles dese resposta ás necesidades desta comunidade, coa que leva traballando dende hai anos en diversos eidos.

A Xunta de Galicia acaba de aprobar a subvención para a proposta de Orche, ao abeiro da convocatoria de axudas para proxectos de cooperación no exterior. Esta liña de traballo solidario é, segundo o reitor da Universidade, Salustiano Mato, “un xeito de internacionalizarnos, un dos obxectivos estratéxicos da institución no que levamos incidindo nos últimos dez anos e que será prioritario tamén para o Campus do Mar”. O obxectivo último do proxecto no Perú é a mellora das condicións socioeconómicas da Comunidade Campesíña de Santa Bárbara de Huancavelica, a través da acuicultura como elemento de desenvolvemento sostible.

Froito da demanda interna

A piscigranxa instalarase na lagoa de Parionacocha, de 400 m², na comunidade campesíña de Santa Bárbara, na rexión de Huancavelica, cun primeiro prazo xa marcado: nun ano debería producir 20.000 unidades de troita arco da vella de maneira sostible. E o obxectivo é mellorar a dieta da poboación da zona, moi deficitaria pola falta de proteínas e pola imposibilidade de acceder ao peixe, nunha comarca que é, paradoxalmente, unha das grandes potencias pesqueiras do mundo. Segundo apunta Enrique Orche, que xunto coa Vicerreitoría de Relacións Internacionais e a Oficina de Relacións Internacionais coordina o proxecto, “mercaranse os ovos embrionados para engordalos en gaiolas no lago en ciclos dun ano”.

Esta actividade complementábase co desenvolvemento de dous tipos de obradoiros: o primeiro, para a capacitación na comercialización e no consumo do peixe en condicións hixiénicas adecuadas e saudables; o segundo, para o fortalecemento da capacidade organizativa das mulleres da comunidade, co fin de que colaboren eficazmente no autodesenvolvemento sostible desta.

O profesor Orche leva anos involucrado en proxectos no Perú e en Bolivia e explica que a idea da posta en marcha da piscigranja non parte deste lado do Atlántico, senón da propia comunidade de Huancavelica, consciente das súas necesidades. “É moi importante subliñar esta circunstancia, que será clave para o éxito do proxecto, somos unha simple correa de transmisión”, apuntaba. Incidía neste mesmo punto o reitor, quen destacaba que se trata de “transmitir coñecemento a través da cooperación, pero nunca caendo no pseudocolonialismo, senón traballando de xeito mutualista, de ti a ti, coas comunidades receptoras da colaboración”.

Proxección de futuro

Explica Orche que nesta zona o índice de pobreza rolda o 90 % e que este proxecto ten tamén unha perspectiva de futuro moi interesante que permitirá o desenvolvemento económico e social da comunidade. Para isto, os promotores agardan que a produción acade no 2016 as 200.000 unidades de troita nesta lagoa situada a 4500 metros de altura. Tamén a longo prazo se pensa na posibilidade de comercializar a troita manufacturada da man de Anfaco para poder chegar a unha zona máis ampla do territorio peruano, co que se contribuirá ao desenvolvemento da comunidade de orixe, composta por preto de 130 persoas.

Financiamento

O orzamento deste proxecto é de 208.000 euros, dos cales 155.000 serán financiados pola Xunta de Galicia en dúas anualidades. A contía restante achegaraa a Universidade de Vigo, Anfaco, a Municipalidade de Huancavelica e as colaboracións desinteresadas de particulares.

Precisamente o director do Departamento de Formación e Cooperación Exterior de Anfaco, Gonzalo Ojea, salientou a experiencia que a asociación de empresarios galegos ten neste tipo de actividades de cooperación, que representan tamén unha oportunidade interesante para buscar sinerxías. Para este tipo de convocatorias de cooperación exterior, a Xunta de Galicia abre dúas liñas de axudas, unha para ONG e outra para o resto, na que concorreu a proposta de Enrique Orche. Guillermo Otero, xefe do Servizo de Formación e Coordinación Institucional da Cooperación ao Desenvolvemento da Xunta de Galicia, recoñeceu o esforzo realizado por entidades como a Universidade e Anfaco para levar a cabo actividades solidarias e destaca o seu valor engadido, xa que “achegan coñecementos técnicos que, doutro xeito, sería complicado obter”.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e o fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.

(...)

2.2. Requisitos xerais de todos os proxectos.

(...)

d) Que o proxecto redunde na ampliación das capacidades e as liberdades das poboacións beneficiarias: que contén coa participación das persoas beneficiarias no desenvolvemento do proxecto; que non sexa discriminatorio por razón de cultura, raza, xénero, relixión ou orixe; que fomente a igualdade entre homes e mulleres; e que sexa respectuoso coa protección do medio.

e) Que teña unha repercusión práctica e cuantificable na satisfacción das necesidades básicas e nos intereses estratéxicos da poboación das zonas máis desfavorecidas do país no que se execute, e que sexa respectuoso cos obxectivos de desenvolvemento do país, da zona onde se leve a cabo a acción e das comunidades beneficiarias.

f) Que o proxecto se axuste tanto á realidade como á capacidade de xestión da entidade solicitante e á da súa contraparte, co fin de asegurar a súa viabilidade.


g) Os proxectos deberán estar vinculados de xeito directo á realización das prioridades transversais, segundo o establecido no II Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento.

(...)

Texto extraído e adaptado de <http://www.xunta.es/dog/Publicados>

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE




ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their response to the A2 test.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their response to the A2 test.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións: